

ORDENANZA FISCAL Nº 6, REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA

Artigo 1. Fundamento e réxime

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local e de acordo co previsto no artigo 20.4.s) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, establece a Taxa por recollida de lixos, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 do RDL 2/2004 citado.

Artigo 2. Feito imponible

1.- O feito imponible ven determinado pola prestación do servizo de recollida de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos. 2.- O servizo de recollida de lixos domiciliarios será de recepción obrigatoria para aquelas zonas ou rúas onde se preste e a súa organización e funcionameto subordinarase ás normas que dicte o Concello para a súa regulamentación.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constituían unha unidade económica o un patrimonio separado, susceptible de imposición, que resulten beneficiadas pola prestación do servizo. 2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte, os propietarios dos inmobles ou locais, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 4. Responsables

1. Serán responsables solidariamente das obrigacións tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, todas as sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación. 2. Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constituían unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición,

responderán solidariamente e en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas entidades. 3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria no caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigacións tributarias infrinxidas, consisten no incumprimento por aqueles que dependan deles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións, Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigacións tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades. 4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigacións tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

Artigo 5. Devengo

A obrigación de contribuír nacerá dende que teña lugar a prestación dos servizos, se ben entenderase, dada a natureza de recepción obrigatoria da recollida de lixo, que tal prestación ten lugar cando estea establecido e en funcionamento o servizo nas zonas ou rúas onde figuren domiciliados os contribuíntes suxeitos á Taxa. O período impositivo comprenderá o ano natural e devengarase o 1 de xaneiro de cada ano.

Artigo 6. Base imponible e liquidable

A base imponible estará constituída pola clase e natureza de cada centro produtor do lixo: vivenda, restaurantes, bar, cafeterías e locais comerciais ou industriais. A estes efectos considerarase como lixo todo residuo ou detrito, embalaxes, recipientes ou envoltorios de alimentos, vestidos, calzados, etc., así como o produto da limpeza dos pisos ou vivendas e as das mesmas clases de comercios e industrias, excluíndose os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, ou calquera outra materia, da que a recollida ou vertido esixa especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Artigo 7. Cota tributaria

As cotas anuais a aplicar serán as seguintes:

Epígrafe 1.º .-Vivendas

- a) Por cada vivenda no núcleo urbano (enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamento que non exceda de dez prazas) 66,15€
- b) No resto do termo municipal 66,15€
- c) Vivenda con negocio 83,19€

Epígrafe 2.º .-Aloxamentos

- a) Hostais, moteis, hoteis -apartamentos de cinco e catro estrelas, por cada praza 409,55€
 - b) Hostais, moteis, hoteis -apartamentos e hostais de tres e dúas estrela, por cada praza 409,55€
 - c) Hostais, moteis, hoteis -apartamentos e hostais dunha estrela, por cada praza 409,55€
 - d) Pensións e casas de hóspedes, centros hospitalarios, colexio e demais centros de natureza análoga, por cada praza (enténdese por aloxamento, aqueles locais de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hoteis, pensións, residencias, centros hospitalarios, colexios e demais centros de natureza análoga, sempre que excedan de dez prazas) 409,55€
- Epígrafe 3.º .-Establecementos de restauración
- a) Supermercados, economatos e cooperativas (de mais de 200 m2) 321,81€
 - b) Supermercados, economatos e cooperativas (de menos ou igual a 200 m2) 133,10€
 - c) Almacéns ó por maior de froitas, verduras e hortalizas 133,10€
 - d) Peixerías, carnicerías e similares 133,10€
- Epígrafe 4.º .-Establecementos de restauración
- a) Restaurantes 133,10€
 - b) Cafeterías 133,10€
 - c) Whisquerías e pubs 133,10€
 - d) Bares 133,10€
 - c) Tabernas 133,10€
- Epígrafe 5.º .-Establecementos de espectáculos públicos
- a) Cines e teatros 234,03€
 - b) Salas de festas, discotecas, cafés cantantes e similares 234,03€
 - c) Salas de bingo 234,03€
- Epígrafe 6.º .-Outros locais industriais ou mercantís
- a) Centros oficiais 409,55€
 - b) Oficinas bancarias 409,55€
 - c) Grandes almacéns 409,55€
 - d) Demais locais non expresamente tarifados de 200 m2 ou máis 409,55€
 - e) Demais locais non expresamente tarifados de menos de 200 m2 133,10€
- Epígrafe 7.º .-Despachos tarifados
- Por cada despacho (no suposto de que a oficina ou establecemento se atope sito na mesma vivenda, sen separación, aplicarase unicamente a tarifa precedente quedando englobada nela a do epígrafe 1.º) 83,19 €

Artigo 8.

As cotas por prestación de servizos de carácter xeral e obrigatorio devengarase dende que naza a obrigaón de contribuír, esixíndose anualmente nos prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación para os ingresos por recibo, con excepción da liquidación da alta inicial no padrón que se recadarase por ingreso directo.

Artigo 9. Exencións, reducións e demais beneficios legamente aplicables

De conformidade co disposto no artigo 9, do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, non se recoñece beneficiario tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei, así como aqueles que, sendo beneficiarios do servizo, se atopen como unidade familiar unipersoal con pensión non contributiva ou RISGA, previo informe dos servizos sociais municipais e policía local, os cales terán unha bonificación do 30%.

Artigo 10. Prazos e forma de declaración e ingresos

Tóda-las persoas obrigadas ó pago deste tributo, deberán presentar no prazo de trinta días na Administración Municipal, declaración das vivendas ou establecementos que ocupen, mediante escrito dirixido ó Sr. Presidente da Corporación. Transcorrido dito prazo sen presentar a declaración, a Administración sen prexuízo das sancións que procedan, efectuará de oficio a alta na correspondente matrícula do tributo.

Artigo 11.

O tributo recadarase anualmente nos prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación para os tributos de notificación colectiva e periódica, agás que, para un exercicio en concreto o Pleno Municipal dispoña outra cousa. Por excepción a liquidación correspondente á alta inicial na matrícula ingresarase nos prazos indicados no citado Regulamento para os ingresos directos.

Artigo 12. Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o 24 de setembro de 2015, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2016, continuando en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.